

LMTA a 20 kv a CCTT intemperie existentes Piunca (27AK36) e Vilaproí (27ª753) con orixe no apoio de celosía existente nº 6-1 e final no apoio de celosía proxectado nº 6-2 da mencionada liña, cunha lonxitude de 163 metros en conductor tipo LA-56.

LMTA A 20 KV a CT intemperie existentes Piunca (27AK36) con orixe no apoio de celosía proxectado nº 6-2-2 e final no CT intemperie existente Piunca, cunha lonxitude de 133 metros (entre conductor novo a a retensar) en conductor tipo LA-30.

LMTS a 20 kv a CT intemperie existentes Piunca (27AK36) con orixe no paso aéreo a soterrado no apoio de celosía proxectado 6-2 e final no paso aéreo a soterrado no apoio de celosía proxectado 6-2-2, cunha lonxitude de 166 metros en conductor RHZ1.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta xefatura territorial, no prazo de vinte días.

Lugo, 24 de outubro de 2011. O xefe territorial.: José Manuel Vázquez Leirado

R.5155

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

Anuncio

PUBLICIDADE DA FINANCIACIÓN EUROPEA A TRAVÉS DE FEDER DA CONTRATACIÓN DAS OBRA DA MELLORA DAS RUTAS DE SENDEIRISMO EN A FONSAGRADA, NAVIA DE SUARNA, A PONTENOVA, CERVANTES, LUGO, NO MARCO DO PROXECTO LUGO2

O proxecto técnico da obra : LUGO- A PONTENOVA- NAVIA DE SUARNA-CERVANTES-A FONSAGRADA.- Melloras de rutas de senderismo, no ámbito do proxecto LugO2, foi exposto ao público para os efectos de reclamacións, de conformidade co determinado no artigo 93 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, mediante inserción publicada no Boletín Oficial da Provincia, número 204, do 4 de setembro de 2010. Contratación que foi adxudicada provisionalmente por Acordo de data 26 de novembro de 2010, acordo que se fixo público mediante inserción no perfil do contratante de Anuncio de adxudicación provisional a favor de GALETEC GABINETE TÉCNICO INTERTERRITORIAL S.L., publicado con data 30 de novembro de 2010 e que se elevou a definitivo por Resolución de data 2 de febreiro de 2011, o que se fixo público mediante inserción de Anuncio de adxudicación definitiva, publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 39 do 17 de febreiro de 2011.

Tal e como se establecía nos correspondente proxecto técnico, o custe do proxecto será cofinanciado (nun 70%) por fondos da Unión Europea, a través do FEDER, resultando un gasto elixible aos efectos do Programa Operativo FEDER Galicia 2007, con cargo ao Eixe 5 de desenvolvemento local e urbano.

En consecuencia, resultan as prescricións establecidas no Regulamento (CE) 1828/2006 (DOUE 15-2-2007) da Comisión, de 8 de decembro de 2006, que fixa normas de desenvolvemento para p Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondos Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, quedando suxeitos os contratistas ás obrigas establecidas na citada norma e concordantes, especificamente en materia de información e publicidade.

Lugo, 7 de novembro de 2011. O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero

R.5204

CONCELLOS

CERVO

Anuncio

Visto o procedemento tramitado para a concesión de subvencións a entidades educativas sen ánimo de lucro ano 2011 do Concello de Cervo procede de conformidade co disposto no artigo 18 da Lei Xeneral de Subvencións, 38/2003, do 17 de novembro, remitir ao Boletín Oficial da Provincia de Lugo , o contido das bases reguladoras e a convocatoria aos efectos do outorgamento de publicidade á devandita subvención e o inicio do procedemento concorrente para a presentación de instancias aos efectos do outorgamento de subvención.

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES EDUCATIVAS SEN ANIMO DE LUCRO ANO 2011 DO CONCELLO DE CERVO

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para fomentar as actividades educativas, recreativas, culturais e calquera outra actividade que realicen os beneficiarios sempre que sexan dirixidas á colectividade escolar, e promovidas polos centros de ensino (CEIP e IES) e ANPAS durante o exercicio de 2011.

2.- BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria os CEIPS, IES que estean en activo e ANPAS dos respectivos colexios e instituto que se encontren tamén en activo no prazo de presentación das solicitudes, e pertencentes o Concello de Cervo. Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

3.- ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES.

As subvencións que se concedan ó abeiro das presentes bases terán por obxecto:

a) Colaboración nos gastos correntes derivados da realización das actividades educativas, recreativas, culturais e calquera outra actividade que realicen os beneficiarios e sempre que sexan dirixidas á colectividade escolar.

b) Gastos xerais de funcionamento, conservación, mantemento ou reparación menores da entidade, que non teñan o carácter de investimento.

c) No suposto dos CEIPS e IES, as actividades subvencionables serán aquelas, que realicen que non sexan financiadas con fondos públicos, vía orzamentos, ou vía subvencións, nin que sexan financiadas por entidades privadas ou particulares na súa totalidade.

4.- CONTÍA, LIMITE E COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIÓNS.

A contía das subvencións reguladas nas presentes bases non poderá ser tal que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas de outras administracións Públicas ou de outros Entes públicos ou privados, supere o custe total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

5.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes rematará transcorridos 20 días a partires do día seguinte o da publicación destas Bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, acompañadas da seguinte documentación:

1º Orzamento detallado da entidade.

2º Fotocopia compulsada do DNI do representante legal e documento que acredite a súa representación.

3º Certificado de titularidade da conta bancaria na que se realizarán os pagamentos.

4º Declaración xurada da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, indicando o seu importe, ou ben declaración xurada de non percibir ningunha outra axuda para o mesmo fin.

5º Declaración xurada de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

6º Declaración responsable de non ser debedor á Facenda estatal autonómica, nin a seguridade social. Posteriormente, antes do aboamento da subvención que sexa concedida, deberán ser presentadas certificacións acreditativas.

7º Fotocopia compulsada dos Estatutos da Entidade (no caso de ANPAS).

8º Documento que acredite a composición da Xunta Directiva da entidade

6.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS.

O importe da subvención para cada beneficiario resultará do prorrateo entre tódolos beneficiarios do importe global máximo previsto no artigo 7 das presentes Bases. A contía máxima por cada axuda será de 1.250,00 €.

7.- IMPORTE E APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

O importe global para as presentes subvencións será de 7.500 € con cargo á partida 324.48900 do vixente orzamento do Concello de Cervo para o ano 2011.

8.- INSTRUCCIÓN E ORGANO INSTRUCTOR.

O órgano competente para a instrucción do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a proposta de resolución será o Concelleiro/a Delegado/a de Educación. O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión avaliadora formulará a proposta de resolución provisional, na que se expresará o cumprimento dos requisitos dos solicitantes para a concesión das axudas, a relación nominal e a contía individualizada de subvención que se propón para cada solicitante.

Si na instrucción do expediente fosen tidos en conta outros feitos ou datos distintos dos aportados polos interesados, notificaráselle a estes a proposta de resolución, concedéndolles un prazo de 10 días para que presenten as alegacións que estimen pertinentes. Á vista das alegacións presentadas, o órgano instructor formulará a proposta de resolución definitiva

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario de conformidade co parágrafo anterior, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

9.- COMISIÓN AVALIADORA.

A Comisión Avaliadora estará composta polos/as Concelleiros/as Delegados/as de Educación, Facenda e Asuntos Sociais. A Comisión Avaliadora elevará a proposta de concesión á Alcaldía a través do órgano instructor na que se concretará individualizadamente para cada beneficiario o resultado da avaliación realizada.

10.- RESOLUCIÓN.

O órgano competente para a concesión das subvencións será o Alcalde, previo informe da Intervención municipal. O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As subvencións concedidas notificaranse individualmente e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello.

11.- ACEPTACIÓN POLOS BENEFICIARIOS.

A subvención entenderase aceptada polo solicitante si no prazo de 10 días dende a notificación da concesión non manifestase expresamente o seu rexeitamento.

12.- XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIONS.

O prazo máximo de xustificación da subvención concedida será ata o 31 de decembro de 2011, quedando revocadas as subvencións non xustificadas debidamente neste prazo.

O pagamento das subvencións realizarase previa xustificación dos gastos subvencionados e do seu destino ás finalidades para as que se concederon as subvencións. En todo caso, os gastos subvencionados deberán ter sido realizados durante o ano 2011. A xustificación poderá realizarse mediante a presentación dos seguintes documentos:

a) No caso de gastos correntes, mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas ou documentos con eficacia probatoria no tráfico mercantil relacionadas coas actividades subvencionadas. As facturas que se presenten como xustificación da subvención concedida deberán cumprir os requisitos do RD 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación

b) No caso de gastos de persoal, mediante orixinais ou fotocopias compulsadas de nóminas ou boletíns de cotizacións a seguridade social (tcs), así como xustificantes bancarios de pagos, ou recibís dos traballadores no seu caso.

c) Si a actividade tamén fora subvencionada por outra entidade pública ou privada, deberá presentarse copia da resolución comunicando a concesión da axuda.

En todo caso deberá presentarse declaración do representante da entidade de que se realizaron os fins para os que foi concedida a subvención e que as facturas e/ou documentos que se presentan como xustificación foron aplicados ás actividades subvencionadas.

A aprobación da xustificación presentada polos beneficiarios corresponderá o Alcalde, previo informe da Intervención municipal.

13.- COMPROBACIÓN, REINTEGRO DAS SUBVENCIONS E RÉXIME SANCIONADOR.

En materia de comprobación, reintegro e réxime sancionador estarase ó establecido nas Bases Xerais reguladoras de Subvencións, recollidas no Anexo V ás Bases de execución do Orzamento de Cervo para o ano 2011.

14.- PUBLICACIÓN.

Dado que a presente convocatoria vai destinada a entidades do Concello de Cervo perfectamente identificadas, publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello e darase traslado da mesma ós posibles beneficiarios, ademais da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cervo, 3 de novembro de 2011. A concelleira delegada de educación.: Yolanda Pedreira Cruz. Cervo, 3 de novembro de 2011. O alcalde.: Alfonso Villares Bermúdez

R.5156

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 697/2011

DON ALFONSO VILLARES BERMÚDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CERVO (LUGO).

Dada a necesidade de proceder á delegación de competencias que esta Alcaldía ten atribuídas co obxecto de facilitar o funcionamento de Goberno municipal e conseguir unha maior axilidade, eficacia e coordinación no exercicio das tarefas de goberno.

Considerando, que a posibilidade de delegar competencias da Alcaldía está contemplada expresamente no artigo 21.3 e artigo 124.5 LRBRL podendo efectuarse a favor da Xunta de Goberno Local, do seus membros, dos demais concelleiros e, no seu caso, dos directores xerais, coordinadores xerais ou órganos similares.

Considerando que son susceptibles de delegación todas as competencias que o artigo 21 LRBRL enumera, salvo as de convocar e presidir as sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local, decidir os empates co voto de calidade, a concertación de operacións de crédito, a xefatura superior de todo o persoal, a separación do servizo dos funcionarios e o despedido do persoal laboral e as enunciadas nos parágrafos a) e) j) k) l) m) do apartado 1 do artigo 21 LRBRL.

Considerando que o apartado n) do artigo 21 LRBRL sinala que o alcalde ostenta a atribución de sancionar as faltas de desobediencia a súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.

Considerando que corresponde a Alcaldía a competencia para a adopción desta Resolución conforme ó previsto no artigo 124.5 por ser o órgano titular da competencia,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Delegar na 2ª tenente de alcalde dona Yolanda Pedreira Cruz as competencias sancionadoras atribuídas a esta Alcaldía por infracción das normas sobre Ordenación e Control do Tráfico nas vías urbanas de titularidade municipal.

A delegación a que se refire o artigo anterior comprende as fases procedimentais de iniciación e resolución.

Contra as resolucións que nesta materia dicte o tenente de alcalde caberá a interposición do recurso administrativo ordinario ante esta Alcaldía nos casos e formas previstos regulamentariamente.

SEGUNDO.- A delegación comprende a totalidade dos actos precisos para o exercicio da competencia sen restricción algunha, sendo revocable en calquera momento polo órgano delegante.

TERCEIRO.- A delegación producirá efecto dende o día seguinte a data desta Resolución, sen prexuízo da súa necesaria publicación e da toma de coñecemento, no seu caso, polos órganos delegados.

CUARTO.- A publicación desta Resolución no BOP para xeral coñecemento e, no seu caso, a notificación persoal ós interesados ós efectos oportunos.

Cervo, 3 de novembro de 2011. O alcalde - presidente, Alfonso Villares Bermúdez.

R.5157

CIUDAD REAL

Anuncio

NOTIFICACION DE DECRETO DE LA SRA. CONCEJAL DEL AREA DE SOSTENIBILIDAD DEL EXCMO. AYUNTAMIENTO DE CIUDAD REAL, POR LA QUE SE NOTIFICA INICIO DEL EXPEDIENTE SANCIONADOR S-11/420, INCOADO A D. JORGE ALBERTO CEIDE FERNANDEZ.

De acuerdo con lo previsto en el art. 59.5 de la L.R.J.P.A.C., se procede a publicar en el B.O.P. de Lugo y en el Tablón de Edictos del Ayuntamiento de Lugo, el Decreto de Inicio del expediente sancionador incoado a D. JORGE ALBERTO CEIDE FERNANDEZ (D.N.I.:33839351-A) instruido por el Excmo. Ayuntamiento de Ciudad Real, ya que habiéndose intentado la notificación personal y preceptiva en el ultimo domicilio conocido, esta no se ha podido practicar.